

AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO

2024-2025



QUE É?

É unha **avaliación** do sistema educativo establecida na **lei educativa estatal** para todas as comunidades autónomas. Trátase dunha ferramenta para contribuír á **mellora da calidade e da equidade da educación** a través do coñecemento do grao de adquisición das distintas competencias por parte do alumnado.

Non é unha avaliación do alumnado. Polo tanto, non hai datos nin cualificacións individuais, non hai información que incorporar ao expediente académico do alumno/a e non existirán informes con orientacións individualizadas. En conclusión, a avaliación de diagnóstico **non ten ningún efecto académico.**



QUE COMPETENCIAS SE ANALIZAN?

Analizaranse as **competencias matemática**, en **comunicación lingüística**: Lingua Galega, Lingua Castelá e Lingua Estranxeira (Alemán, Inglés e Francés segundo a matrícula do alumnado), en **Xeografía e Historia**, en **Ciencias Experimentais** e en **Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural.**



A QUEN SE DIRIXE?

A todo o alumnado de **4.º curso de educación primaria** e **2.º curso de educación secundaria obrigatoria** de todos os centros educativos de Galicia.



CANDO SE REALIZARÁ?

Realizarase durante os días **28, 29 e 30 de abril** de 2025.



COMO SE FAI?

Durante 3 días o alumnado responderá a 6 cadernos, un por cada unha das competencias indicadas, agás en Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural, que terá dous cadernos.

Estes cadernos, **anonimizados**, serán corrixidos nos propios centros escolares. Na medida do posible, encargarase da corrección profesorado especialista da área ou da materia que non imparta docencia ao alumnado involucrado na avaliación.

Nas sedes da Inspección Educativa realizarase unha corrección de contraste sobre unha pequena selección de cadernos de cada centro para garantir a uniformidade na aplicación dos criterios de corrección.



ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

Todo o alumnado resolverá algún caderno durante a avaliación de diagnóstico. O alumnado con adaptacións curriculares ou de recente incorporación ao noso sistema educativo e con insuficientes competencias lingüísticas realizará **probos deseñados polo seu profesorado e adaptadas ao seu nivel**, que non se terán en conta nos resultados globais do seu centro.

O alumnado sen adaptación curricular con necesidades específicas de apoio educativo contará cos mesmos apoios que ten habitualmente no seu centro ao realizar probos escritos. Terán á súa disposición versións con adaptacións de formato dos mesmos cadernos deseñados para o resto do alumnado, incluíndose versións específicas axustadas aos protocolos TEA, TDAH, dislexia ou para alumnado con deficiencias visuais. Así mesmo, o alumnado que o precise terá ampliacións de tempo. Os cadernos de todo este alumnado si que se terán en conta nos resultados globais do seu centro.

RESULTADOS



Cada centro educativo recibirá, para cada nivel educativo, un **informe** coa análise dos resultados en conxunto de todo o seu alumnado e para cada unha das distintas competencias, tendo como referencia os resultados globais acadados polo alumnado dos centros educativos galegos de similares características socioeconómicas e o de toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei Orgánica de Educación prohíbe explicitamente a elaboración de *rankings* de centros baseados nesa información.

O centro educativo trasladará ás familias a información relativa ao grao de adquisición das distintas competencias do conxunto do alumnado.



UTILIDADE DOS INFORMES

O informe de centro proporcionará información valiosa que activará un proceso de análise dos resultados no centro educativo, orientado á elaboración de propostas de actuación. Estas propostas incluíranse no **plan de mellora do centro** co fin de incrementar o nivel de adquisición das distintas competencias por parte do seu alumnado.